

Pondal a ritmo de rap

Catro alumnos de 1º de BACH do IES RIBADEO DIONISIO GAMALLO obtiveron o **Segundo Premio Categoría Xuvenil do Concurso** "Galicia, auga, literatura e rap". O concurso busca que o alumnado dea a súa visión «a modo de rap» sobre pasaxes estelares ou momentos cume das grandes obras da literatura galega nas que esté presente a auga.

Os alumnos Diego Barreira Sobrado, Mario González García, Javier López del Río e Ángel Yáñez Santana elixiron Queixumes dos pinos de Eduardo Pondal. Segundo as súas propias palabras, *“o autor foi elixido pola relevancia que ten na nosa literatura, e entre toda a súa obra fixámonos nestes versos de Queixume dos pinos, porque son un canto á liberdade, personificada nas gaivotas, e tanto a voz do autor como as nosas, envexan e reivindicán a liberdade das aves, que teñen o grande Océano para voar sen fin, e para deixarse levar ata perderse de vista. O ritmo da nosa música e os nosos movementos, como as ondas do mar, acompañan dalgunha forma ese voar feliz pero tamén melancólico que transmiten estas aves e a auga que lles serve de sustento, tanto para voar como para vivir.... Esa relación entre a liberdade e a vida únese no vivir e voar sobre as augas que nos rodean”*.

O profesor Manuel Yáñez Dablanca salientou que relacionar o universo da literatura cos modos de expresión propios da xuventude é unha forma de coñecer e assimilar a nosa propia cultura e identidade, e que, por riba de contidos teóricos e ideolóxicos, axuda a que os xoves profunden na nosa lingua, nos nosos sentimentos e nas nosas aspiracións.

Esta pequena peza será versionada polos grupos de compañeiros e compañeiras e será a primeira dun conxunto de clásicos da literatura galega que este grupo de alumnado publicará na web do insituto.

Noraboa pois polo seu interés, traballo e atrevemento, e grazas a Viaqua e a La Voz de Galicia porque, a través do seu programa Prensaescuela, ofrecen unha excusa perfecta de traballo que compaxina aspectos teóricos, lúdicos e didácticos cos que poder enriquecer o noso día a día académico amosando a parte divertida dos contidos de aprendizaxe.

Manuel Yáñez Dablanca
Profesor de Filosofía